

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CICLO

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

**C.E.I.P FERMÍN BOUZA BREY
CURSO: 2021-2022**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS.....	4
2.1 Obxectivos do ciclo.....	4
2.2 Obxectivos das áreas.....	4
2.2.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.....	4
2.2.2 Coñecemento do contorno.....	6
2.2.3 Linguaxes: comunicación e representación.....	7
2.3 Obxectivos de Educación Relixiosa.....	8
3. CONTIDOS POR ÁREAS.....	9
3.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.....	9
3.2 Coñecemento do contorno.....	13
3.3 Linguaxes: comunicación e representación.....	15
3.4 Contidos de Educación Relixiosa.....	19
4. ACTIVIDADES.....	20
5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	21
6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR ÁREAS.....	22
6.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.....	22
6.2 Coñecemento do contorno.....	22
6.3 Linguaxes: comunicación e representación.....	23
6.4 Educación Relixiosa.....	25
7. CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	26
7.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.....	26
7.2 Coñecemento do contorno.....	27
7.3 Linguaxes: comunicación e representación.....	28
7.3.1 Contribución desde a área de Lingua Estranxeira: Inglés.....	30
8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.....	30
8.1 Metodoloxía de Lingua Estranxeira: Inglés.....	32
8.2 Metodoloxía de Educación Musical.....	33
8.3 Metodoloxía de Educación Relixiosa.....	33
9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	34

9.1 Recursos persoais.....	34
9.2 Recursos materiais.....	34
9.2.1 Recursos de Lingua Estranxeira: Inglés.....	35
9.2.2 Recursos de Educación Musical.....	35
9.2.3 Recursos de Educación Relixiosa.....	36
9.3 Recursos espaciais.....	36
10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	37
11.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	38
12.ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	38
13.ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	38
14.EDUCACIÓN EN VALORES.....	39
15.RELACIÓN ESCOLA-FAMILIA.....	41
16.PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	41

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A necesidade de programar é evidente, xa que facilita a organización da clase, evita a improvisación e a rutina, permite un control continuo introducindo as melloras oportunas, ten en conta a realidade do alumnado e do medio e consegue unha ensinanza máis estruturada, organizada, coherente e, por tanto, de mellor calidade.

Consideramos ademáis, que o labor educativo nesta etapa require, por unha parte unha continuada colaboración coas familias e por outra, un traballo coordinado do equipo do propio ciclo e coas demais etapas educativas, especialmente co primeiro ciclo da educación primaria, garantindo unha actuación docente coordinada e progresiva nas diferentes etapas.

É unha programación aberta, e por suposto, **flexible** ; sobre todo neste novo curso escolar que segue marcado pola COVID-19.

Para a súa elaboración tivemos tamén en conta unha serie de documentos, entre os cales destacamos a lexislación vixente:

- LEI ORGÁNICA 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola LEI ORGÁNICA 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- REAL DECRETO 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

En infantil contamos con **cinco unidades**. A inicio de curso a matrícula é a seguinte:

- **4º de educación infantil:** grupo de **17** alumnos/as, 11 nenos e 6 nenas. Seis son extranxeiros/as e algúns non entenden nin falan o castelán. Dous están a espera de diagnóstico (un valorado por neuroloxía e outra presenta síndrome asociado a TEA). Un neno presenta convulsións e tres non controlan esfínteres.
- **5º de educación infantil A:** grupo de **13** alumnos/as, 6 nenos e 7 nenas. Un dos nenos é de nova incorporación ao centro e outro que estaba o curso pasado cambiou de colexio. 1 neno está diagnosticado con TEA.
- **5º de educación infantil B :** grupo de **12** alumnos/as, 6 nenos e 6 nenas. Un neno é de nova incorporación ao centro. Outro neno presenta bastantes

problemas de conduta e outras carencias; non ten un diagnóstico oficial, foi observado o curso pasado pola orientadora do centro que solicitou o equipo de orientación específico cara finais de curso.

- **6º de educación infantil A** : grupo de **17** alumnos/as, 7 nenos e 10 nenas, dúas son extranxeiras, unha nena incorporouse nova este curso aínda que xa estaba matriculada o curso pasado e un neno non asiste desde 4º de infantil.
- **6º de educación infantil B**: grupo de **15** alumnos/as, 5 nenos e 10 nenas.

Total alumnado: 74 nenos/as

O castelán é a lingua habitual empregada pola maioría dos nenos/as. O centro conta con aula matinal, servizo de transporte e comedor escolar.

2 OBXECTIVOS

2.1 Obxectivos de ciclo

- a- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

2.2 Obxectivos das áreas

2.2.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Adquirir unha imaxe propia axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e alcanzando maior autonomía persoal.

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando, cada vez con maior precisión, xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo capaces de solicitar axuda.
- Desenvolver a empatía: identificar as necesidades, puntos de vista e sentimentos dos demais.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Practicar medidas básicas preventivas para conservar a saúde.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.
- Coñecer o seu corpo e o dos outros e as súas posibilidades sonoras. Coñecer as posibilidades rítmicas e de movemento do corpo.(EDUCACIÓN MUSICAL)

- Coñecer as posibilidades de expresión e comunicación do propio corpo. Desenvolver a lateralidade, o esquema corporal e a motricidade xeral. Desenvolver hábitos e actitudes de respecto, de axuda e colaboración. Desenvolver a atención, a memoria e o oído. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Coñecer a voz propia e a dos demais. (EDUCACIÓN MUSICAL)

2.2.2 Coñecemento do contorno

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega –expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.
- Utilizar instrumentos non convencionais de medida para resolver problemas que implican magnitudes e lonxitudes.
- Identificar o uso dalgúns instrumentos de medición.
- Identificar distintas características dunha figura xeométrica. Representalas graficamente combinando categorías.
- Coñecer algunhas manifestacións artísticas do contorno desenvolvendo actitudes de gusto pola materia e criterios de respecto e apreciación e valoración propios.
(EDUCACIÓN MUSICAL)

2.2.3 Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais –o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto– como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos – expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...–con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intención comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos (LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS).
- Aproximarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Identificar algunhas características do sistema de escritura.

- Obter e compartir información a través de diversas formas de expresión oral.
- Comprender, reproducir, reescribir –tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita–, e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca do centro valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, mostrando interese por melloralas, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Aproximarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.
- Coñecer as posibilidades comunicativas e expresivas dos instrumentos, dos obxectos sonoros e do propio corpo, especialmente da voz, dos sons e do movemento en xeral. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Desenvolver a atención. A escoita atenta. A memoria e o oído. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Aprender a relación entre os sons e as grafías (non convencionais ou convencionais). (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Desenvolver o interese pola música en xeral. (EDUCACIÓN MUSICAL)

2.3 Obxectivos de Educación Relixiosa

Seguindo o currículo da área de Relixión e Moral Católica, os obxectivos que corresponden ao segundo ciclo de educación infantil e que se pretenden acadar son os seguintes:

1. Descubrir o propio corpo, como regalo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas personalidades potenciais. (Competencia humanizadora, competencia lingüística)

2. Recoñecer no contorno familiar as manifestacións sociais que expresan a vivencia da fe católica e identifican a comunidade relixiosa á que pertence. (Competencia humanizadora, competencia social e cívica)
3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, alegría e admiración. (Competencia humanizadora, competencia social e cívica)
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercitando as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos outros e para acceder á oración, os cantos de alabanza e o sentido das festas relixiosas. (Competencia cultural, competencia lingüística).
5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade. (Competencia humanizadora, competencia aprender a aprender).
6. Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, nos quere e nos perdoa sempre. (Competencia de sentido e transcendencia, competencia humanizadora).
7. Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e nos quere, morreu por nós e resucitou para estar con nós. (Competencia social e cívica, competencia de sentido e transcendencia).
8. Valorar que a Virxe María é a nai de Xesús e tamén a nai de todos, que forman unha gran familia. (Competencia social e cívica, competencia humanizadora).
9. Respetar ás persoas e cousas do seu contorno, coidar e preocuparse por elas, como Xesús fixo e ensina a facer. (Competencia social e cívica, competencia aprender a aprender).

3. CONTIDOS POR ÁREAS

3.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

BLOQUE 1. O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.
- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.

- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas –que proveñen dos propios músculos e articulacións– e as percepcións exteroceptivas –relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e de grupo, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo –a través de xestos, movementos, xogos, danzas...
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofrecidos pola publicidade e outros medios de comunicación social.
- O propio corpo. Esquema corporal. Lateralidade.
- O sentido do oído. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- A percusión corporal. Ritmos corporais sinxelos. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- O xesto. O movemento. A danza. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- A dramatización sinxela. O xogo.
- O pulso musical. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- A voz propia e allea. O canto. As cancións. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- A respiración. A relaxación. (EDUCACIÓN MUSICAL)

- Cancións populares. Cancións pedagóxicas. Cancións infantís. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Adiviñas, ditos, refráns, etc

BLOQUE 2. XOGO E MOVEMENTO

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, mostrando actitudes de iniciativa e constancia.
- Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de gozo e de relación cos demais.
- Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.
- Satisfacción polo crecente dominio persoal.
- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos –amizade, cooperación, axuda, solidariedade... Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.
- Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, mostrando iniciativa para aprender habilidades novas.

BLOQUE 3. A ACTIVIDADE COTIÁ

- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

- Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía ao realizalas, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.
- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos adecuados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo capaz de solicitar e prestar axuda.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

BLOQUE 4. O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo –hixiene, alimentación, descanso...
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Valoración da axuda doutras persoas.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado.
- Emprego responsable e adecuado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

3.2 Coñecemento do contorno

BLOQUE 1. MEDIO FÍSICO

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mantendo unha actitude de respecto e coidado de obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.
- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.
- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.
- Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.
- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Utilización da acción de contar como estratexia para obter un dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.
- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...
- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos.
- Aproximación a algunhas magnitudes físicas –peso, lonxitude, capacidade, tempo– a través da estimación.
- Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.

- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.
- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos adecuadamente.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo.

BLOQUE 2: ACHEGAMENTO Á NATUREZA

- Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.
- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.
- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.
- Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo como contribúe ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade de conservala e de facer un uso responsable dela.
- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural –calor, chuvia, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...–e dos producidos pola acción humana–pontes, encoros, aeroxeradores, muíños de auga...
- Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para o lecer, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

BLOQUE 3: CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.
- Aproximación ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, mostrando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.
- As manifestacións artísticas do contorno. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Xoguetes sonoros. Obxectos sonoros. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Instrumentos musicais da aula. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Instrumentos populares do contorno e doutros países. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Calidades do son. Intensidade, duración, timbre. (EDUCACIÓN MUSICAL)

3.3 Linguaxes: comunicación e representación

BLOQUE 1: LINGUAXE VERBAL

Escoitar, falar e conversar

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, expresar e comunicar ideas e sentimentos, e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado e con crecente precisión, estruturación apropiada de frases, entoación adecuada e pronuncia clara.

- Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación adecuada, pronunciación clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando a vez nas quendas e escoitando atentamente.
- Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.
- Emprego adecuado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas : saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía...
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva.. (LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS)
- Comprensión da idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da aula e cando se fala de temas coñecidos e predicibles. Actitude positiva cara á lingua estranxeira. (LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS)

Aproximación á lingua escrita

- Aproximación á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Iniciación no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas – cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas– e propiedades cualitativas – variedade de grafías–. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

Achegamento á literatura

- Escoita e comprensión da lectura de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais coma contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

- Dramatización de textos literarios. Gozo e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.
- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas... acompañados de respostas corporais – xestos, movementos, ritmos... para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nas discusións literarias.
- Introducción ao uso da biblioteca de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

BLOQUE 2: LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA-MUSICAL-CORPORAL

- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica –liña, forma, cor, textura, espazo e volume.
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión –cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros– que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes –papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital, fotografías... e das distintas técnicas –debuxo, pintura, colaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas... como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.

- Descubrimiento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector...
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais o virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para conseguir unha melloría na produción.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical (EDUCACIÓN MUSICAL).
- Vivencia do son e do silencio. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.(EDUCACIÓN MUSICAL).
- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións. (EDUCACIÓN MUSICAL).
- Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio afectivo.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal –mimo, monicreques, teatro de sombras...– colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación adecuada.
- O son, o ruído, o silencio. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Calidades do son: Intensidade, ton, duración, timbre A escoita activa. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- As grafías convencionais (sinxelas) e non convencionais.
- A voz. A canción. Cancións pedagóxicas, infantís, secuenciadas, populares, etc A expresión vogal. (EDUCACIÓN MUSICAL)

- A expresión instrumental. Obxectos sonoros. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- Instrumentos escolares. Material Orff. Instrumentos populares. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- A expresión corporal. O xesto. O movemento. A danza. Coreografías. A relación entre o movemento e o son. (EDUCACIÓN MUSICAL)
- A relación entre o son e a grafía representativa. (EDUCACIÓN MUSICAL).

BLOQUE 3: LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Aproximación a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación ao uso do ordenador, á cámara fotográfica,...nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

3.4 Contidos de Educación Relixiosa

En base ao currículo da área de Relixión e Moral Católica, os contidos que corresponden ao segundo ciclo de educación infantil e que se pretenden traballar son os seguintes:

1. A creación, como obra de Deus e regalo aos seus fillos. Deus pide respecto no coidado e uso da natureza e das cousas. Gratitude e admiración pola creación.
2. O corpo humano é regalo de Deus creador, que quere que o neno medre, coa colaboración dos pais.

3. A saúde como regalo de Deus. Os medios que Deus nos ofrece para conservar a saúde. Promover a acción de grazas.
4. Os símbolos relixiosos. Observar o vocabulario, imaxes e edificios relixiosos próximos ao neno.
5. Deus fala. A Biblia, o libro santo dos cristiáns. Admiración e coidado do libro que contén a palabra de Deus.
6. Deus é o noso Pai, nos coida e nos invita a servir aos outros.
7. A alegría polo nacemento de Xesús. Relatos do nacemento, vida, morte e resurrección de Xesús.
8. Algúns textos importantes que se refiren, sobre todo, a Xesús e María. A oración como relación co Pai Deus, Xesús e a súa nai.
9. O amor de Deus Pai, Xesús, o Fillo de Deus e amigo noso, a Virxe María, nai de Xesús e na nosa Nai.
10. Xesús coida de todos e nos quere a todos.
11. Deus quere que nos amemos como el nos ama. As actividades diarias como medio para construír a vida familiar e as relacións cos outros, segundo o plan de Deus.
12. A manifestación do amor cristián en xestos de compartir e de amizade. A familia, lugar de descubrimento e experiencia relixiosa e cristiá.
13. Somos os fillos de Deus e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
14. O domingo como festa do Señor resucitado. Principais festas cristiás. O canto como expresión relixiosa de alabanza, alegría e gratitude.

4. ACTIVIDADES

Ao longo do curso realizaranse actividades rutinarias; individuais, en pequeno e en gran grupo; actividades realizadas de xeito independente polo alumnado e outras nas que requerirá a presenza e o apoio do profesorado; actividades que impliquen desgaste físico e outras de relaxación; actividades no interior e no exterior; actividades de limpeza propia e da clase... actividades previas e de motivación, actividades de desenvolvemento, de reforzo e/ou ampliación, actividades psicomotrices, de avaliación... partindo da realidade individual do noso alumnado.

Podemos dicir que as actividades se organizan en torno a cinco grandes grupos que responden a unha necesidade de organización pero que non implican unha clasificación

ríxida que impida a adaptación a cada momento segundo vaia desenvolvéndose a programación.

1. **Actividades de motivación e avaliación inicial:** diseñadas para coñecer as experiencias e coñecementos previos do alumnado, detectando así carencias e necesidades. Tamén se pretende motivalos introducíndolles os proxectos dunha forma lúdica.

2. **Actividades de aprendizaxe:** as que se fan para conseguir os obxectivos programados.

3. **Actividades de relaxación e respiración:** diseñadas para ser levadas a cabo despois de actividades que implican moito movemento ou cando se consideren necesarias.

4. **Actividades de ampliación e reforzo:** para o alumnado que remata antes que outros nenos/as as actividades e para o que necesita máis apoio e axuda que o resto para conseguir os obxectivos propostos.

5. **Actividades de avaliación final:** para comprobar se acadaron ou non os obxectivos propostos.

5 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A valoración das actitudes, dos conceptos e procedementos basearase nos criterios de avaliación establecidos na programación.

A avaliación será **global, continua e formativa**.

A observación **directa e sistemática** será a técnica principal empregada. Avaliarase o proceso de ensinanza, a nosa propia práctica docente e o desenvolvemento das capacidades infantís, se a organización da aula foi a adecuada, o respecto ós ritmos e necesidades do noso alumnado e se os materiais empregados foron educativos, motivadores, suficientes, adecuados...

Faremos unha avaliación **inicial**, unha avaliación **continua** e unha avaliación **final**.

A avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares.

De xeito concreto empregaremos como **procedementos de avaliación a observación**, os **traballos** de clase e a **información obtida das familias**. E como instrumentos:

- Diario de clase.
- Diálogos e conversas co alumnado.
- Traballos do alumnado (producións plásticas, elaboración de murais, fichas...).

- Cuestionarios.
- Rexistros.
- Boletín informativo trimestral de información ás familias.

6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR ÁREAS

6.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, mostrando destrezas motrices e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

6.2 Coñecemento do contorno

- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.

- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
- Describir e representar dun modo elemental a situación das propias nenas e dos nenos en relación con obxectos e coas demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.
- Dar mostras de interese polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus componentes. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.
- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

6.3 Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Mostrar una actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.

- Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...
- Utilizar a biblioteca de aula con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.
- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva cos seus iguais e coas persoas adultas, segundo as intencións comunicativas, e comprender mensaxes orais diversos, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa. Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, para levar a cabo diversas intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar sinxelas instrucións, participar en conversacións en grupo). Valorárase o interese e o gusto pola utilización pertinente e creativa da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflitivas, comunicar os seus estados anímicos e compartilos cos demais. Igualmente este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións que lles permitan participar na vida da aula. O respecto aos demais maniféstase no interese e a atención cara ao que din e no uso das convencións sociais (gardar a quenda de palabra, escoitar, mirar ao interlocutor, manter o tema), así como na aceptación das diferenzas.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito. Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula. Con este criterio avalíase si os nenos e nenas se interésanse pola lingua escrita, e se inician na utilización funcional da lectura e a

escritura como medios de comunicación, de información e de goce. Tao interese mostrarase na atención e curiosidade polos actos de lectura e de escritura que se realizan na aula. Observarase o uso adecuado do material escrito (libros, periódicos, cartas, etiquetas, publicidade...). Valorarase o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito, así como o coñecemento dalgunhas características e convencións da lingua escrita, coñecementos que se consolidarán na Educación Primaria.

- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, mostrando interese por explorar as súas posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas. Con este criterio avalíase o desenvolvemento das habilidades expresivas por medio de diferentes materiais e técnicas propios das linguaxes musical, audiovisual, plástica e corporal. Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, e tamén a cor, a textura o os sons. Valorarase o desenvolvemento da sensibilidade estética e de actitudes positivas cara ás producións artísticas en distintos medios, xunto co interese por compartir as experiencias estéticas.

6.4 Educación Relixiosa

Os criterios de avaliación que se seguirán corresponden cos establecidos no currículo da área de Relixión e Moral Católica para o segundo ciclo de educación infantil e expóñense a continuación:

1. Coñecer, valorar e respectar algúns signos do cristianismo nos lugares máis coñecidos, o seu sentido e a súa realidade.
2. Coñecer algúns valores humanos que posúen no seu interior e que Xesucristo lles ensina.
3. Saber compartir a alegría do amor que Deus ten.
4. Valorar as ensinanzas que Xesús nos dá para aprender a amar aos outros.
5. Valorar o don que Deus nos dá nos fillos dos seus fillos e parte da súa familia, a Igrexa. Expresións de agradecemento e alegría por pertencer a unha familia.
6. Aprender a falar con Xesús e a súa nai María xunto cos amigos e compañeiros.
7. Coñecer e valorar os elementos mínimos dunha festa de relixión e a súa posibilidade de participar nalgunha presenza.

7 CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

7.1 Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

A área contribúe a favorece-lo desenvolvemento da **autonomía e iniciativa persoal** ó iniciar a aprendizaxe do coñecemento dun mesmo/a, fortalecer a súa autonomía para analizar, valorar e decidir dende a confianza en si mesmo/a e o respecto ás demais persoas e na medida en que se inicia a aplicación de valores e actitudes persoais.

Contribúe ó desenvolvemento da **competencia social e cidadá** mediante a adquisición de habilidades como coñecerse e valorarse, saber expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar as alleas respectando o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio.

En canto á **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** desde esta área o neno e a nena desenvolven as capacidades necesarias para unha adecuada percepción do seu contorno máis próximo, para interactuar, moverse e orientarse nos espazos con autonomía e iniciativa personal, así como para adquirir adecuados hábitos relacionados coa saúde e o consumo como xeradores de benestar individual e colectivo.

Respecto a **aprender a aprender**, esta área inclúe aprendizaxes que axudan a ir tomando conciencia das propias capacidades e limitacións mediante o coñecemento do que poden facer por si mesmos/as e do que poden facer coa axuda doutras persoas ou recursos, mediante a adquisición dun sentimento de competencia persoal que favoreza a motivación, a confianza e o desexo de aprender.

Desde esta área desenvólvense capacidades referidas á **competencia matemática** cando se abranguen contidos relacionados co espazo e os obxectos, e a relación do alumnado con eles, levando a cabo unha interpretación e representación da realidade.

Contribúese a iniciar o desenvolvemento da **comunicación lingüística** a través da expresión de ideas, sentimentos, emocións, pensamentos, vivencias... e mediante o diálogo para a resolución de conflitos e a estruturación do coñecemento de si mesmo/a.

Cando os nenos e as nenas traballan co adulto na procura, selección, tratamento e utilización da información a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación, foméntase a autonomía persoal e iníciase o desenvolvemento da **competencia dixital**.

A área contribúe á adquisición da **competencia cultural e artística** ó abarcar contidos relacionados coa utilización dos sentidos na exploración da realidade cultural exterior.

7.2 Coñecemento do contorno

Esta área contribúe ó desenvolvemento da **competencia matemática** mediante a percepción do espazo físico en que se desenvolve a vida e a actividade humana e mediante a habilidade para interactuar co espazo circundante, moverse nel e resolver os problemas en que interveñen os obxectos e as súas calidades. Favorécese desenvolver actitudes propias da investigación científica, como formular preguntas, buscar, seleccionar e interpretar a información, buscar explicacións, extraer conclusións... Tamén se abarcan aspectos como o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (números, medidas, símbolos...) e a posta en práctica de procesos de razoamento para resolver problemas en distintas situacións da vida cotiá.

A **competencia social e cidadá** desenvólvese a través da comprensión da realidade social en que viven o neno e a nena, sobre todo nos ámbitos máis próximos: familia e escola.

Esta área favorece o desenvolvemento da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** pois permite ao alumnado coñecer o espazo físico no que se desenvolven e a actividade humana que se desenvolve en ditos espazos. Ademais, na medida na que os menos/as coñecen o contorno no que viven poderán moverse e interactuar con él.

Tamén inicia o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística** potenciando a adquisición de habilidades como saber expresar as propias ideas en distintos contextos e escoitar e respectar outros puntos de vista. Ademais, favorece a práctica do diálogo e da negociación como formas de resolver os conflitos. Implica dispoñer de habilidades para participar activamente na vida da aula como forma de iniciarse nunha

participación cidadá posterior, ademais de construír, aceptar e practicar normas de convivencia.

En canto á **competencia cultural e artística** vaise desenvolvendo na medida en que se aproxima ó coñecemento das manifestacións culturais e artísticas e vanse recoñecendo algunhas delas como propias do patrimonio da súa comunidade.

Esta área contribúe tamén ó desenvolvemento do **tratamento da información e competencia dixital** ó traballar na procura, selección, tratamento e utilización da información en distintos soportes e con diferentes fins.

En canto á **competencia para aprender a aprender**, a área proporciona o inicio na utilización de distintas estratexias de aprendizaxe, como a observación e rexistro dos feitos, o traballo en equipo, a planificación e organización das actividades, o coñecemento diferentes recursos e fontes de información. Implica, tamén, a curiosidade por preguntar sobre o que lles rodea e a procura de diversas respostas posibles.

Á **autonomía e iniciativa persoal** contribúese desenvolvendo as habilidades para o diálogo e a cooperación, a iniciativa para presentar proxectos, a destreza para argumentar, a iniciación na organización de tarefas e actividades sinxelas, a flexibilidade para aceptar cambios e a convivencia na vida cotiá.

7.3 Linguaxes: comunicación e representación

A área contribúe á adquisición da **competencia en comunicación lingüística** ó abarcar todos os aspectos que a configuran. Irase desenvolvendo a través do uso social e funcional dos diferentes contextos comunicativos, onde os nenos e as nenas aprenderán a comunicar e a expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como a dialogar e a interpretar a linguaxe escrita mediante sucesivas aproximacións ós textos presentes no contorno social. Deste xeito inician un coñecemento e un uso progresivo dos elementos máis formais da linguaxe, do seu funcionamento social e das normas que rexen os intercambios lingüísticos.

A **competencia cultural e artística** desenvólvese porque esta área abarca contidos que facilitan a expresión mediante diferentes códigos artísticos, así como a percepción de diferentes realidades do mundo da arte a da cultura próxima ó contorno do noso alumnado. Descubrirán os elementos da linguaxe plástica a través da experimentación con diferentes elementos, materiais e técnicas e expresarán as súas ideas e sentimentos con finalidade comunicativa, estética e creativa. A escoita, comprensión, recitado e dramatización de textos literarios fomentará a comprensión e apreciación do valor cultural da literatura.

En canto ao **coñecemento e interacción co mundo físico** desde as actividades plantexadas nesta área o alumnado aprenderá a facer un uso adecuado da lingua, oral e escrita, como instrumento de comunicación e tamén de aprendizaxe. Deste xeito favorécese a comprensión das cualidades e características do medio físico e social e da interrelación que existe entre eles, e se contribúe ao desenvolvemento inicial desta competencia.

Esta área contribúe ao desenvolvemento da **competencia social e cidadá** ao incrementar as habilidades para aprender a comunicarse en distintos contextos a través da lingua, en particular, e doutras linguaxes en xeral, facendo do diálogo un valor de convivencia: poñerse no lugar do outro, resolver os conflitos, escoitar, traballar en equipo, expresar as súas ideas e respectar ós demais para aprender a convivir.

En canto á **competencia matemática** dita área abarca o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotiá.

As diferentes linguaxes abarcadas nesta área contribúen ó desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**, xa que permiten iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis autónoma e eficaz, así como ir adquirindo conciencia daquelas competencias que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística.

Tamén contribúe ó **desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal** na medida en que axuda a organizar o pensamento, a mellorar o control emocional, a adquirir habilidades para o diálogo e para traballar en equipo.

O **tratamento da información e competencia dixital** trabállase a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para acceder á busca, selección e tratamento da información en procesos relacionados coa linguaxe gráfica, sonora e artística para aprender, informarse e

comunicar. Nesta etapa a iniciación no uso dos instrumentos tecnolóxicos irá acompañada da adecuada intervención docente para valorar criticamente o seu uso e contidos.

7.3.1 Contribución desde a área de Lingua Estranxeira : Inglés

Todas as actuacións na área de Lingua Estranxeira terán como obxectivo o traballo e o desenvolvemento das competencias básicas. A metodoloxía, contidos e materias xirarán arredor do obxectivo de acadar o óptimo desenvolvemento de ditas competencias.

8 METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

As propostas metodolóxicas non nos proporcionan receitas sobre como ensinar, senon que, partindo do alumnado que temos na aula, do seu contexto, dos recursos e do espazo entre outros aspectos, analizaremos a situación e desenvolveremos un proceso de ensino-aprendizaxe adecuado e enriquecedor para cada alumno/a, con fins lúdicos, educativos, de socialización e integración progresiva no ambiente escolar do colexio.

Tamén deberemos ter en conta os seguintes **principios metodolóxicos**:

- Partir do que o neno/a xa sabe: dado que lle será máis fácil e lle custará menos traballo relacionar o que xa sabe coas novas aprendizaxes.
- Adaptación ás características intelectuais e afectivas dos nenos/as destas idades, creando un clima de tranquilidade na aula.
- Aprendizaxe constructiva: o neno/a debe ser un membro activo da súa aprendizaxe, e nós, como profesorado do centro, organizaremos situacións didácticas que favorezan esta aprendizaxe, con distintas formas de agrupamentos e actividades moi variadas e de diferente tipo: por descubrimento, por experimentación, imitación,..).
- Fomento de actitudes cooperativas e creativas e de respecto ós demais.
- Desenvolvemento da autonomía intelectual e afectiva.
- Aprendizaxe funcional.
- Enfoque globalizador.
- Actividades motivadoras.
- Metodoloxía baseada na observación, manipulación, exploración e experimentación, na que o noso papel sexa o de apoiar, orientar e guiar ao alumnado na súa

aprendizaxe e garantir un ambiente de confianza, liberdade , afecto e comunicación, onde o neno/a sinta a necesidade de expresarse.

- O xogo como actividade fundamental.
- Relación escola – familia.

Para desenvolver as competencias imos traballar, sobre todo, por **proxectos** e resolvendo problemas; así deberanse propoñer tarefas e retos que inciten ao alumnado a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

O **tempo** intentaremos repartilo de xeito que se realicen as actividades que requiran máis atención durante as primeiras horas da mañá e o ideal sería seguir unhas rutinas de aula diarias; isto non sempre é posible pois hai que ter en conta o horario dos especialistas.

O **espazo** das aulas distribuirase de forma adecuada ás necesidades do alumnado destas idades, deixando un espazo o máis amplo posible para actividades de gran grupo como asembleas, dramatizacións, contos, bailes....e o resto acomodado a diferentes recantos: xogos lóxico – matemáticos, construcións, xogo simbólico, arte, biblioteca... contaremos con recantos fixos ao longo do curso pero tamén poden xurdir outros en función dos proxectos que vaiamos traballar ou necesidades que vaian aparecendo.

Este curso seguiremos, en determinados momentos (por exemplo na “merenda” de media mañá) con agrupacións en pequeno grupo, tendo cada neno e nena un sitio e uns compañeiros/as fixos de mesa; non deberá faltar a **ventilación** dos diferentes espazos do centro e a **desinfección**, sobre todo naquelas aulas polas que pase diferente alumnado como é o caso da aula de psicomotricidade (as sesións daranse no exterior sempre que sexa posible) e a aula de informática na que se impartirán as clases de música; relixión será dada na aula de relixión e inglés nas aulas das titoras. Estaremos atentas á hixiene de mans priorizando a auga e o xabón ante o xel hidroalcohólico, sobre todo cos máis pequenos, priorizaremos a utilización de espazos ao aire libre e se a transmisión é baixa permitiremos que os grupos do mesmo nivel se xunten. Non esqueceremos, pois, ao longo do curso, as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde, sempre importantes e máis agora na situación na que nos atopamos.

A comunicación coas familias poderá establecerse a través do abalarMóbil, da páxina web do centro, por teléfono, correo electrónico e videochamadas. Decidimos seguir pedindo mascarillas en infantil por consideralas recomendables tamén nesta etapa.

No caso do alumnado en **corentena** (alumnado vulnerable, ou que conviva con familiares vulnerables) xa que non pode acudir ao cole, **recibirá atención educativa virtual** a través do correo electrónico, prestando unha atención específica ao alumnado con

necesidades educativas especiais. No documento ou documentos que envíen as titoras ás familias figurará un enlace que levará a unha entrada do blog de inglés do cole, un enlace que levará a unha entrada do blog de música do cole, e un enlace que levará a unha proposta ou propostas da mestra de relixión.

No caso de **peches de aula, aulas, ou de todo o ciclo de infantil** respetariamos o **horario escolar** que usamos no ensino presencial e todo o profesorado de infantil seguiríamos avanzando no currículo. Neste caso o alumnado recibiría no **blog** de infantil **propostas semanais distribuídas de luns a venres**. O profesorado poderá facer seguimento do seu alumnado a través de fotos e vídeos que reciba en relación con determinadas propostas educativas, así como do intercambio de información coas familias a través de correos electrónicos.

8.1 Metodoloxía de Lingua Estranxeira: Inglés

No mundo globalizado no que nos encontramos, a diversidade cultural é cada vez máis frecuente, especialmente no marco da Unión Europea. Por isto, coñecer unha segunda lingua, máis especificamente o Inglés por ser o idioma de comunicación intercultural por excelencia actualmente, convértese nunha tarefa pendente e primordial que debemos abordar educativamente dende a escola, de forma que o noso alumnado estea dotado das ferramentas necesarias para expresarse e desenvolverse de forma activa nunha sociedade na que cada vez reina máis a diversidade cultural.

Inflúen numerosos factores no proceso ensinanza-aprendizaxe dunha lingua estranxeira, entre eles as características propias do alumnado, a motivación e o interese que teña o aprendiz da lingua, a importancia dada ó contexto, etc.

Existen multitude de métodos relacionados coa ensinanza da lingua inglesa, o cal non significa que un deles sexa máis eficaz, cada un ten a súas vantaxes e inconvenientes. Por isto, empregaremos diferentes metodoloxías na aula de educación infantil. Entre elas destacamos:

- TPR: Caracterízase pola asociación entre a lingua e o movemento para intentar crear un clima distendido que facilite a aprendizaxe.
- The monitor model: Krashen afirma que un estudante con alta motivación, confianza en si mesmo, unha boa imaxe propia e baixo nivel de ansiedade está en mellores condicións para o éxito na adquisición da lingua estranxeira.

- The storytelling method.: O arte de contar contos ou historias (unha das técnicas máis empregadas en educación infantil xa que é positiva e enriquecedora).
- The direct method: Consiste en establecer unha asociación visual e inmediata entre experiencia e expresión, entre as palabras, frases, modismos...e a súa expresión física ou corporal, sen apoiarse na lingua materna do alumnado.

8.2 Metodoloxía de Educación Musical

Os contidos serán repartidos de forma que se traballen en tódalas clases aspectos de audición, movemento e interpretación vocal e instrumental. A mestra será a encargada de combinar as distintas actividades para conseguir equilibrar os aspectos anteriores relacionados coas áreas a traballar.

8.3 Metodoloxía de Educación Relixiosa

Á hora de plantexar as clases de relixión, temos que ter en conta algunhas características de como o alumnado sente a relixiosidade nestas eras en función do seu estadio psicoevolutivo:

- Empezan a aceptar a relixión polo que din os adultos. A fe irase reafirmando imitando as manifestacións relixiosas sen comprendelas. De aí a importancia de dar aos nenos e nenas un exemplo de fe no fogar e na escola.
- Aínda que os nenos e nenas non entenden nin definen un deus teolóxico, son capaces de falar con el, de recoñecelo como creador e manifestarlle cariño. Ademais da oración repetitiva, utilizan a oración espontánea (para dar grazas, facer peticións ou pedir perdón), o que supón un elemento para ver a evolución da súa relixiosidade.
- Mostran gran interese e motivación cara a Deus, os símbolos e as manifestacións relixiosas. Son capaces de comunicar necesidades, desexos, pensamentos e sentimentos. Participan nas celebracións relixiosas xunto cos seus familiares, pero non son capaces de manter a atención durante moito tempo.
- Teñen unha visión antropomórfica de Deus. Conciben a Deus con trazos humanos. Amosan dificultade para entender a idea de Deus como alguén diferente dos adultos; Sen embargo, a idea de Deus amoroso esperta gran afectividade, de aí que a mediación do adulto sexa clave para transmitir a mensaxe de forma relixiosa e de forma positiva.

- Mesturan o seu mundo imaxinario coa realidade e interprétano dende o seu egocentrismo, de aí a importancia de partir da súa experiencia máis directa. Interpretan o que está ben ou mal en función da reacción dos adultos.

Estas características van evolucionando dende os tres ata os seis anos. Na medida que avanza no seu proceso de socialización, vai madurando a súa dimensión moral e empezan a comprender con menos dificultade os significados da mensaxe cristiá.

9 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e recursos didácticos non se verán reducidos este curso escolar e o alumnado contará, nalgúns aulas, con material de uso individual.

9.1 Recursos persoais

- Profesorado de educación infantil: 5 titoras, 1 mestra de apoio e unha mestra en prácticas ata febreiro.
- Profesorado especialista: inglés, música, relixión, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, orientadora do centro.
- Persoal que non forma parte do profesorado pero traballan no centro e teñen contacto co alumnado ao longo do curso: conserxe, encargados/as de comedor e da aula matinal.
- As familias.

9.2 Recursos materiais

- Material curricular fotocopiado.
- Material diverso elaborado polo profesorado.
- Libros e contos da biblioteca.
- Recursos multimedia (cancións, audicións, películas, debuxos e programas educativos básicos, apps).
- Materiais funxibles e non funxibles (xogos didácticos, bonecas, coches, crebacabezas, ensartables, xogos simbólicos, bloques lóxicos, papeis, adhesivos, tesoiras, punzóns, lapis, ceras, plastilina, rotuladores, regretas,

- construcións, instrumentos musicais, material para psicomotricidade, xogos de exterior...),
- 5 ordenadores portátiles.
 - 2 ordenadores de mesa e unha impresora (branco e negro e sen escáner)
 - Un ordenador e un encerado dixital interactivo na aula de informática xunto con varios ordenadores de mesa para uso do alumnado.
 - Dous bee -bots (robot infantil con forma de abella).
 - 12 tablets
 - 5 monitores interactivos
 - Unha plastificadora.
 - Unha encadernadora.
 - Unha guillotina.
 - Altosfalantes.
 - 2 canóns dixitais (un na aula de informática e outro na aula de psicomotricidade).
 - Unha cámara de fotos con tarxeta de memoria e dúas sen tarxeta de memoria.
 - Radios-cd.
 - Material do contorno e do fogar (follas, ramas, pinzas da roupa, tapóns varios, caixas de cartón, rolos de papel hixiénico, de papel de cociña...).

9.2.1 Recursos de Lingua Estranxeira: Inglés

Os numerosos recursos existentes tanto no mercado coma en internet para a ensinanza do Inglés en educación infantil exíxenos saber seleccionar adecuadamente de acordo cos obxectivos prioritarios de este nivel educativo.

Dada a cantidade de recursos dispoñibles, optamos por clasificalos en:

- Os materiais impresos
- Realía (obxectos reais): A autenticidade destes obxectos, unido a gran variedade adaptable a calquera tema que se presente na aula, aumenta a motivación do alumnado e a súa cultura.
- TICs:
 - Programas abertos que animen a exploración e imaxinación
 - Amigables e intuitivos
 - Flexibles e adaptados

- Multisensoriais, atractivos e interactivos
- Con actividades relacionadas coa vida real e os intereses e necesidades do alumnado
- Con valores multiculturais
- Material audio-visual (televisión ou vídeos)
- Flashcards
- Libros

9.2.2 Recursos de Educación Musical

Ordenador, equipo de son, discos, instrumentos de pequena percusión, contos, encerado...

9.2.3 Recursos materiais de Educación Relixiosa

Libros de traballo:

- **Corazón 3 años. Religión Católica. Editorial: Anaya**
- **Corazón 4 años. Religión Católica. Editorial: Anaya**
- **Corazón 5 años. Religión Católica. Editorial: Anaya**

O material consta de **9 unidades** didácticas, tres por trimestre, repartidas en dúas unidades didácticas e un proxecto de investigación. Ao comezo de cada unidade destacan os obxectivos, contidos e competencias que se traballarán coas propostas didácticas.

Inclúen a canción da unidade, poemas, adiviñas, traballos plásticos... Ditos recursos son de uso libre, o que nos permitirá utilizalos tanto en actividades de motivación dentro das sesións, como en actividades artísticas para concluír a unidade.

9.3 Recursos espaciais

- As aulas de educación infantil.
- O corredor.
- O soportal do edificio de infantil.
- Aula de psicomotricidade.
- Aula de informática/música.
- O patio de infantil.

- Algunhas zonas do patio de primaria.

10 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un currículo aberto servirá como instrumento fundamental para dar unha resposta adecuada ao tratamento da diversidade.

Como profesorado debemos dar resposta á diversidade do alumnado escolarizado nas nosas aulas, partir da idea de que os grupos non son homoxéneos, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo, dada a importancia que nestas idades adquiren as capacidades, ritmos e proceso de maduración.

Aos nenos e nenas **inmigrantes** débémolles facilitar a súa incorporación á escola, xa que tenden a ter problemas coa nosa lingua e a nosa cultura ou presentar carencias importantes nos coñecementos básicos.

Poremos énfase na **detección temperá** do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar **necesidades específicas de apoio educativo** (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar). A finalidade consiste en dar unha resposta educativa adecuada para a atención á diversidade, ben por parte das titoras e mestra de apoio, ben acudindo, cando o consideremos necesario, ao Departamento de Orientación do Centro.

Debemos ter presentes as seguintes **pautas de actuación**:

- Propostas de avaliación inicial ante un novo proceso de ensino-aprendizaxe.
- Actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Actividades con aplicación na vida cotiá.
- Propostas que favorezan a expresión directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- Propostas de actividades con diversos graos de realización (reforzo e ampliación) e distintos materiais.
- Terase en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado. Cada neno/a terá tempo de empezar e acabar o comezado, de cometer erros, de tantear e repetir.

- Diferentes tipos de agrupamentos na resolución das actividades: gran grupo, pequeno grupo e individual.
- Utilización de procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos.
- Adopción de medidas oportunas co alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo. Subliñar que o alumnado de infantil non recibe apoio do profesorado de pedagogía terapéutica agás casos excepcionais moi fundamentados.
- Para o alumnado con necesidades educativas especiais pódese optar por medidas con carácter curricular como é o reforzo educativo. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria pola mestra titora e, noutras ocasións, polo profesorado especialista en audición e linguaxe ou de pedagogía terapéutica, de ser o caso.

Reforzaremos ao noso alumnado tendo unha actitude alegre e estimulante que anime a todos e todas a participar co maior rendemento posible de todas as súas facultades.

11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares (magosto, samaín, Nadal, día da Paz, entroido, letras galegas...) non se celebrarán a nivel centro nin, en principio, a nivel ciclo, só a nivel grupo aula por estar a educación infantil formada por grupos de convivencia estables. De momento non temos programadas visitas nin saídas didácticas.

12 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Dentro do Plan Tic faremos diferentes actividades relacionadas co uso dos **monitores interactivos** como un elemento máis e un apoio para o proceso de ensino – aprendizaxe, para reforzar, complementar e facilitar a adquisición dalgúns dos obxectivos propostos e achegar ao noso alumnado ás novas tecnoloxías.

Introduciremos ao alumnado infantil na **robótica** a través dos **bee-bots** como ferramenta de aprendizaxe (permiten traballar contidos curriculares e desenvolver habilidades e destrezas elementais, e todo xogando). Aínda non temos tapetes para xogar con eles.

As **tablets**, conseguidas nun concurso por unha compañeira de infantil do curso pasado, aínda están sen preparar; nelas poderemos usar diversidade de apps educativas.

13 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Na **educación infantil** atenderemos progresivamente ás pautas elementais de convivencia e relación social xa que xorde a necesidade de relacionarse coas demais persoas e de respectar as normas de convivencia, aprendendo a vivir xuntos e contribuíndo ao posterior desenvolvemento da competencia social.

Debemos potenciar un clima de respecto, de aceptación mutua, colaboración e solidariedade, atendendo á análise de comportamentos e accións discriminatorias.

Xa que a convivencia é indispensable para un normal desenvolvemento da vida do centro procuraremos:

- Fomentar o cumprimento das normas do centro e da aula. Sería interesante que o alumnado participara no establecemento desas normas (manter a aula limpa e ordenada, axudar aos demais, prestar atención, escoitar ao profesorado e aos compañeiros/as, respectar o turno, coidar do material...).
- Eloxiar ao alumnado cando cumpra as normas e chamarlle a atención cando non sexa así.
- Poñer as normas en coñecemento das familias, para que as poidan reforzar no fogar.
- Motivar ao alumnado a que poña atención e coidado no que fai.
- Traballar a convivencia durante calquera actividade e momento do día; tanto na aula coma fóra dela.
- Usar imaxes, vídeos educativos, xogos grupais e de cooperación, contos...
- Aprender o que chamaremos *palabras máxicas*, e fomentar o seu uso diario: por favor, grazas, de nada, perdón, bo día, ata mañá...

14 EDUCACIÓN EN VALORES

Debemos potenciar a transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a democracia, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos, a resolución pacífica dos mesmos, a non violencia en todos os ámbitos da vida, o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres, a protección do noso medio e o consumo responsable.

Algunhas das actitudes a considerar na nosa escola son :

- O diálogo e o respecto aos demais:
 - establecer normas de convivencia na aula e no centro.

- Crear un clima de confianza no que os nenos e as nenas se expresen libremente.
 - Fomentar a tolerancia.
 - Resolver situacións conflitivas a través do diálogo.
 - Outorgarlles responsabilidades ós nenos e ás nenas.
 - Rexeitar xogos, xoguetes e situacións que inciten á violencia.
 - Promover actividades cooperativas.
- Todos somos iguais.
 - Presentar unha distribución equitativa de personaxes masculinos e femininos.
 - Propoñer unha distribución equitativa dos diferentes roles desempeñados por ámbolos dous sexos no ámbito familiar, escolar e profesional.
 - Reflictir unha distribución equitativa dos trazos positivos e negativos entre ámbolos dous sexos.
 - Rexeitar todo tipo de discriminación por razón de sexo.
 - Non facer distinción entre xogos masculinos e xogos femininos.
 - Utilizar unha linguaxe non sexista.
 - Asignar responsabilidades na aula indistintamente a nenos e nenas.
 - Comentar con eles a necesidade de que tanto os nenos como as nenas deben colaborar nas tarefas domésticas.
 - Procurar que os espazos e os recunchos da aula sexan utilizados indistintamente polos nenos e polas nenas.
 - Narrar contos cambiando os papeis que tradicionalmente se lles asignaban ós homes e ás mulleres.
- Sexamos bos cidadáns e boas cidadás.
 - Ensinarlles a respectar as normas de convivencia.
 - Responsabilizalos do coidado dos materiais e espazos comúns.
 - Proporlles xogos nos que teñan que discriminar comportamentos adecuados e inadecuados en diferentes situacións.
 - Fomentar o respecto cara ás persoas maiores.
 - Desenvolver actitudes para ser bos cidadáns (respecto, tolerancia, solidariedade, convivencia...).

Na transmisión de valores a actitude do profesorado é determinante, de aí a importancia de ofrecerlle ao alumnado modelos de identificación.

15 RELACIÓN ESCOLA-FAMILIA

No proceso educativo adquire unha grande importancia a participación e colaboración coas familias. Familia e escola deben actuar de xeito coordinado e complementario, buscando a colaboración, cooperación e a coherencia nas súas intervencións.

Pediremos , pois, a colaboración das familias no reforzamento de contidos traballados, no cumprimento do horario das “merendas”, no cumprimento das normas do centro, na graduación escolar do alumnado de 6º de infantil...

Os intercambios de información tamén son básicos para unha boa relación familia-escola:

- Intercambios de información esporádicos nas entradas e saídas.
- Circulares.
- Reunións (faremos as imprescindibles e ao aire libre)
- Comunicados a través do Abalar.
- Correo electrónico.
- Tutorías por teléfono.
- Tutoría, os martes pola tarde, se o solicita a titora de xeito excepcional (debemos evitar as tutorías presenciais).
- Boletíns trimestrais informativos.

16 PROCEDEMENTO PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta programación didáctica ,como documento aberto e flexible, é susceptible das melloras e/ou modificacións que consideremos oportunas, e sen esquecer que o protocolo COVID será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da pandemia. Debemos manter actualizado dito documento, documento que nos vai servir para reflexionar sobre a nosa práctica educativa e sobre as distintas situacións que se nos presentan:

- Consecución, por parte do alumnado, dos obxectivos propostos.
- Adquisición, por parte do alumnado, dos conceptos, procedementos e actitudes referidas ás 3 áreas da educación infantil.

- Adecuación dos criterios de avaliación aos obxectivos propostos e ao traballo realizado na aula.
- Adecuación do traballo proposto para acadar as competencias básicas esperadas na etapa de infantil.
- Axuste da metodoloxía ás peculiaridades concretas da nosa realidade, do noso alumnado, ás súas necesidades e aos seus intereses, na procura da consecución dos nosos obxectivos.
- Elección correcta dos recursos, tanto persoais como materiais e espaciais, para que axuden a levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Medidas de atención á diversidade que dean resposta ás necesidades individuais do noso alumnado.
- Sistema de avaliación, nas súas distintas modalidades (observación directa, titorías, producións dos nenos/as...), que reflicta claramente o nivel de aprendizaxe adquirido e as características da evolución individual.
- Achegamento ao uso das tecnoloxías da información e comunicación a través de actividades e actuacións adaptadas ao seu nivel.
- Unha relación escola-familia que favoreza o proceso educativo, en xeral, dos seus fillos/as, mantendo unha coherencia e coordinación continua.